



moción

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A REPOSICIÓN DA LEGALIDADE ANTE A OCUPACIÓN DO 'CAMIÑO DA MISA', NA ALDEA DA LOURIÑA**

---

*Ao pleno da Corporación de Cuntis*

---

Saleta Fernández de la Torre e Santi Marínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Dende fai varios anos, os veciños e veciñas da aldea da Louriña veñen sufrindo as consecuencias que ocasiona unha situación irregular que ata agora non tivo solución. Trátase da ocupación dun camiño público por parte dun particular ante a indiferenza dos distintos Gobernos Municipais que durante as últimas lexislaturas veñen rexendo o Concello de Cuntis. Varios veciños e veciñas veñen defendendo mediante vía xudicial, cos gastos que isto comporta, un ben de titularidade pública como é o Camiño da Misa, vial de acceso á aldea da Louriña. Cronoloxicamente, os acontecementos véñense sucedendo da seguinte maneira:

- A Xunta de Goberno do Concello de Cuntis, en sesión do 25 de marzo de 2011, determinou o carácter público do citado camiño, incoando de oficio o correspondente expediente de recuperación do mesmo.
- Ante a inactividade do Goberno do Partido Popular, o actual alcalde D. Manuel Campos Velay expón o tema no Pleno Ordinario de 28 de marzo de 2014, obtendo resposta do naquel momento rexedor Don Antonio Pena na que pide '*expresamente*



**veciñanza**

*que se inicie o expediente'.*

## moción

- O 27 de maio do ano 2014, os veciños e veciñas que iniciaron a defensa por vías burocráticas do citado camiño presentaron reclamación previa ante o Concello para que efectivamente se incoase o correspondente expediente administrativo.
- O 26 de decembro de 2014, os veciños e veciñas denunciante presentaron ante o Xulgado de Instrución de Caldas de Reis unha denuncia por delito de prevaricación (art. 404 do Código Penal) contra o anterior rexedor Don Antonio Pena Abal. Argumentan que se trata dun caso de prevaricación por omisión, segundo consta na denuncia presentada.
- O 8 de maio de 2015, a Xunta de Goberno Local acorda a incoación do expediente de reposición de legalidade urbanística correspondente á ocupación ilegal do Camiño da Misa, feito ao que se refire este caso.

Estamos ante un caso de ocupación ilegal dun ben de titularidade indiscutiblemente pública. Tanto é así que a propiedade do Camiño da Misa non está en cuestión e non foi discutida en ningún momento por ningunha das partes deste caso. Cómpre sinalar que, ao contrario do que puidese parecer, non estamos ante un conflito entre particulares, senón ante unha serie de actuacións dun particular contra a Administración Local, que como é sabido ten a irrenunciable obriga de defender os bens públicos e o interese xeral. A defensa feita a título particular polos veciños e veciñas demandantes non debera substituír, en ningún caso, a responsabilidade do Concello de Cuntis.

A obstrución do acceso á aldea da Louriña non é simplemente unha irregularidade sen máis efectos que os teóricos, senón que na práctica constitúe un perigo no caso de producirse a necesidade dunha actuación dos servizos de emerxencias ante unha eventual situación de risco. Estamos, polo tanto, ante unha responsabilidade dobre por parte do Goberno Municipal, herdada, por certo, do anterior.

A inactividade da Administración Local ante un caso tan evidente de ocupación ilegal do patrimonio público por parte dun particular resulta unha deixazón de funcións que pode supoñer consecuencias graves para quen ostenta a máxima responsabilidade.



**veciñanza**

**moción**

Por todo o exposto, propoñemos a adopción dos seguintes

**ACORDOS:**

1. Que o Goberno Municipal inicie de inmediato, da maneira que legalmente proceda, as actuacións necesarias para a reposición da legalidade na ocupación do Camiño da Misa, no lugar da Louriña.
2. Que estas actuacións sexan asumidas atendendo á responsabilidade indelegable do Concello de Cuntis e non supoñan, polo tanto, custe económico ningún para os veciños e veciñas demandantes que teñen iniciado procedementos neste sentido.

Cuntis, 13 de xaneiro de 2017

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López